

# Vixencia dos textos filosófico-políticos de Ramón Vilar Ponte

Baixo a responsabilidade de Xesús Blanco Echauri, María Pilar García Negro e Goretti Sanmartín Rei, veñen de ser editados textos fundamentais de Ramón Vilar Ponte (Viveiro, 1890 – A Coruña, 1953), contando co apoio dunha institución pública como é Deputación Provincial de Lugo. Este volume primeiro forma parte do que vai ser a edición da obra completa, unha obra que, como lembran os editores, foi “inxustamente esquecida, mesmo vaporizada”. Os textos agora publicados son: *Doutrina Nacionalista* (1921, distribuída a comezos de 1922), *Breviario de Autonomía* (1933), *O Sentimento Nacionalista* e o *Sentimento Internacionalista* (1926) e *A Xeración do 16* (1951).

FRANCISCO RODRÍGUEZ SÁNCHEZ

É Licenciado e Doutor en Filoloxía Románica e Catedrático de Literatura española en Instituto. É autor dunha ampla obra de investigación e ensaio en temas lingüísticos, literarios, culturais e políticos desde unha perspectiva nacionalista

Trátase dunha edición moi contrastada coas fontes máis orixinais e con notas aclaratorias que axudan a unha mellor comprensión dos textos, algúns deles reeditados por primeira vez. Perante eles non é posíbel evitar unha consideración esmagadora: canto descoñecemento e canta falla de avaliación ecuánime existe sobre moitos dos esforzos culturais do noso pasado inmediato. Ademais desta consideración, aparece outra moi significativa: a pouca rendibilidade ideolóxica no conxunto social galego de obras dunha grande importancia analítica para entendermos a nosa realidade e mesmo unha perspectiva do mundo desde unha óptica galega, sobre todo en termos de continuidade histórica. No seu tempo esta obra discursiva de Ramón Vilar Ponte correspondía a unha práctica do nacionalismo e asemade intentaba afondar e popularizar a mesma práctica. Porén, non se manteivo actuante no elo histórico que vai desde entón até hoxe, polo que efectivamente na Galiza parece que temos que estar sempre descubriendo o que xa foi antes descuberto ou andando camiños que xa anteriormente foran andados, coa perda de tempo e enerxía que isto significa. Un tecer e destecer continuos do que moi urxente saírmos a través da única posibilidade existente: a comunicación xeracional do que é o noso saber e a súa renovación e avance.

*Doutrina Nacionalista* (1921) é un breviarío que debía ser lido por todos os mozos e mozas galegos de hoxe, tamén por moitos e moitas adultos interesados na clarificación do pensamento político en termos de utilidade a prol do pobo galego, tamén en termos de política estatal e mundial. Aquí está a explicación do que é unha nación, o significado do nacionalismo, o seu carácter antitético das políticas imperialistas, a artificialidade do Estado Español unitarista e a necesidade da súa recomposición plurinacional... É a fundamentación da visión nacionalista en xeral, a galega en particular, após da Primeira Grande

Guerra, no fervedoiro da independencia de Irlanda e no ascenso do fascismo en Italia. Este libro é demostrativo da vixencia dun pensamento que comeza precisamente na primeira fase do imperialismo, e como resposta xenuína ao seu carácter destrutivo. Vixencia que continúa na fase actual deste imperialismo, a globalización, unha fase hipercrítica, epigonal, e como todas as fases epigonais, especialmente perigosa, embora conteña tamén lóstregos de esperanza. A vixencia, pois, non é precisamente por tratarse dunha abstracción ideal, se non dunha análise concreta de situacións históricas concretas que non mudaron no seu carácter esencial, senón que se afondaron moitas das características precisamente de concentración e opresión.

Lendo *Doutrina Nacionalista* un comproba que o *Sempre en Galiza* non é unha xoia pendurada no ar. Contén os seus antecedentes, un deles ineludíbel é a obra de Ramón Vilar Ponte. O esforzo de Castelao está feito en continuidade co iniciado precisamente polas Irmandades da Fala en 1916, neste caso no que atinxe ao ensaio filosófico-político. Verdadeiramente existe un contraste brutal entre o ensaísmo español e o galego deste período histórico. Ler a Ramón Vilar Ponte ou a Castelao, mesmo a Risco, é a asistirnos a un plantexamento analítico sobre a realidade do que se chama España e a realidade do mundo nas antípodas do que está representado na obra de Ortega y Gasset ou Sánchez Albornoz. Mágoa é que os que se pretenden cultos desprezen ou ignoren aos primeiros e mimeticen o seu pensamento cos tópicos dos segundos. A ausencia clamorosa no sistema educativo desde a Secundaria até a Universidade deste pensamento filosófico-político galego contribúe á colonización mental da nosa mocidade e a súa ignorancia sobre os esforzos da cultura nacional coa conseguinte desvalorización da propia realidade.

A produción ideolóxica política do nacionalismo no plano teórico es-

*Doutrina Nacionalista* (1921) é un breviarío que debía ser lido por toda mocidade de hoxe, tamén por adultos interesados na clarificación do pensamento político en termos de utilidade a prol do pobo galego





tivo aguillada pola necesidade. Desde 1916 fíxose un esforzo planificado con obxectivos precisos, responsabilidades e encargos asinados, elaboración de produtos culturais e difusión dos mesmos. Non doutra maneira é entendíbel a teimosía e regularidade con que Ramón Vilar Ponte, por exemplo, foi producindo o seu ensaísmo ideolóxico-político. Efectivamente, no debate dos anos 20 e 30, era unha cuestión central como harmonizar o sentimento nacionalista e o internacionalismo. En 1926 foi cando Ramón publicou *O Sentimento Nacionalista* e o *Internacionalismo*, como resposta ás inquietudes, desacougos ou desconfianzas que podían existir entre unha cosmovisión marxista e unha nacionalista. Hoxe en día, tendo en conta o retroceso do marxismo como ideoloxía social consciente, deberíamos falar do tópico que advirte da contradición entre ser nacionalista e considerarse individuo da humanidade (expresada en termos idealistas, "cidadán do mundo"). É lóxica esta preocupación. Curiosamente o texto de Vilar Ponte non só esclarece como un verdadeiro internacionalismo é soamente posíbel a partir dunha clara vinculación nacional co sentimento nacionalista, senón que amosa a inviabilidade de escindir loita de clases e loita nacional, nunha correcta aplicación práctica da política. Chama a atención como percorre este ensaio a conxunción da filosofía racionalista Kantiana, idealista e centrada no individuo, co marxismo, coa súa visión materialista e social. Mais unha vez reloce como os nacionalistas máis senlleiros non foron nunca anticomunistas e mesmo simpatizaron coa URSS, non só por un problema de xustiza social senón tamén por representar un Estado Federalista de tipo plurinacional. Esta febra está tamén moi actuante no pensamento de Castelao.

Porén a praxe política obriga non só aos plantexamentos teóricos de carácter estratéxico senón tamén a

clarificacións de carácter táctico e conxuntural. Por iso, en 1933 aparece Breviario de Autonomía de Ramón: para precisar a necesidade dun Estatuto de Autonomía para Galiza na legalidade da II República, como un paso posibilista e unha ferramenta que só os nacionalistas poderían utilizar adecuadamente e mesmo, no caso galego, impulsar só eles. Lendo este libro comprobamos a repetición de tópicos de entón hoxe en día no debate político nacional galego, as discriminacións e deficiencias que Galiza padece na política do Estado. A resposta ten que ser a auto-responsabilidade, o autogoberno, a confianza en nós mesmos.

Estes textos de Ramón son ineludíbeis puntos de partida para unha correcta conformación da conciencia ideolóxica nacionalista. Poden e deben ser actualizados e mesmo rectificadas en algúns aspectos secundarios, pero seguen a alumear poderosamente, non só a realidade nacional galega, senón tamén unha perspectiva antiimperialista e pacifista do mundo. Teñamos ben presente que sen análise e pensamento científico en todos os aspectos do coñecemento non pode haber actuación práctica incisiva e ben orientada. Praxe e teoría necesitanse mutuamente. A praxe nacionalista necesita hoxe máis produción filosófico-política desde a nosa perspectiva. O esforzo que fixeron os homes das Irmandades da Fala no plano teórico-práctico, lembrado por Ramón Vilar Ponte no seu discurso *A Xeración do 16* (1951), cando corrían moi malos tempos, abafados pola derrota e o silencio, debe ser hoxe imitado á altura dos tempos presentes e das circunstancias e necesidades actuais. A coidada edición de Xesús Blanco Echauri, María Pilar García Negro e Goretti Sanmartín Rei destes textos de Ramón Vilar Ponte ten que valer para mellorar a nosa formación e aguillao a nosa decisión de dar resposta ás necesidades de coñecemento concreto para fundamentar mellor a nosa política ■